

PROCEDEMENTOS, INSTRUMENTOS E CRITERIOS DE CUALIFICACIÓN

Avaliación continua

Ao longo do curso haberá tres avaliacións e a nota de cada unha delas na materia de “Lingua estranxeira – Inglés” obterase segundo as porcentaxes que de seguido se recollen:

<u>1º e 2º ESO</u>		
ELEMENTOS A AVALIAR (CONTIDOS)	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Probas escritas de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo das probas.	10%
Produción oral (<i>speaking</i>)	P- Observación da expresión oral individual e da interacción. Probas orais. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións e probas.	10%
Comprensión escrita (<i>reading</i>)	P- Probas escritas de comprensión lectora. Proba escrita sobre o libro de lectura obrigatoria. I- Rexistro cualitativo das probas.	15%
Produción escrita (<i>writing</i>)	P- Probas de expresión escrita. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das probas.	15%
Gramática, vocabulario e fonética (<i>use of English</i>)	P- Exercicios específicos de gramática, vocabulario e fonética nas probas escritas. I- Rexistro cualitativo das probas.	40%
Actividades de aula e tarefas	P- Observación do traballo diario e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	10%

<u>3º e 4º ESO</u>		
ELEMENTOS A AVALIAR (CONTIDOS)	PROCEDEMENTOS E INSTRUMENTOS	PESO NA NOTA DA AVALIACIÓN
Comprensión oral (<i>listening</i>)	P- Probas escritas de comprensión de textos orais. I- Rexistro cualitativo das probas.	15%
Produción oral (<i>speaking</i>)	P- Observación da expresión oral individual e da interacción. Probas orais. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das intervencións e probas.	15%
Comprensión escrita (<i>reading</i>)	P- Probas escritas de comprensión lectora. Proba escrita sobre o libro de lectura obrigatoria. I- Rexistro cualitativo das probas.	15%

Producción escrita (<i>writing</i>)	P- Probas de expresión escrita. I- Rúbrica e rexistro cualitativo das probas.	15%
Gramática, vocabulario e fonética (<i>use of English</i>)	P- Exercicios específicos de gramática, vocabulario e fonética nas probas escritas. I- Rexistro cualitativo das probas.	30%
Actividades de aula e tarefas	P- Observación do traballo diario e das intervencións. I- Rexistro cualitativo e cuantitativo. Rúbrica. Lista de observación e cotexo.	10%

Aclaracións e especificidades

Os procedementos establecidos polo Departamento para superar a materia de inglés son os seguintes:

- a) O alumnado superará a materia en cada unha das avaliacións cando acade como mínimo 5 puntos sobre 10, obtidos do cómputo das distintas partes a avaliar tal e como está indicado nas táboas arriba detalladas. Cómpre ter en conta que o redondeo na ESO realizarase a partir do 0,7, de tal xeito que os decimais por debaixo desta cifra redondean á baixa e os decimais por riba poden redondear cara ao seguinte número enteiro. Por exemplo, un/unha estudante que consiga un 5,7 levará un 6 no boletín de notas, mais se ten un 5,6 levará un 5.
- b) En ningún caso o/a alumno/a se poderá negar a realizar algunha das probas correspondentes aos elementos a avaliar. É dicir, non se poderá negar a realizar un *listening*, un *writing* ou un *reading*, entregando o exame en branco, e pretender aprobar compensando coas restantes partes da materia.
- c) Debido ao carácter sumativo que presenta a aprendizaxe dunha lingua, os exames incluírán todos os contidos que se traballaron ata ese momento, de xeito que os exames da 3ª avaliación incluírán os contidos traballados na 1ª e 2ª avaliacións. Isto implica que o alumnado que non supere a 1ª e/ou a 2ª avaliación deberá superar a avaliación final.
- d) O feito de non realizar e/ou entregar algunha tarefa encomendada reducirá a puntuación do apartado de “actividades de aula e tarefas”, tendo en conta que este apartado vale 1 punto sobre 10 da nota da avaliación. Se o/a alumno/a non presenta algún dos traballos de maior complexidade e extensión (redaccións, presentacións e proxectos) reducirase considerablemente a puntuación neste apartado. A non realización dalgunha do resto de tarefas (exercicios de tipo gramatical, léxico, etc.) tamén reducirá a puntuación deste apartado, aínda que en menor medida.
- e) Na ESO haberá un libro de lectura obrigatoria por curso, que será lido e avaliado durante a 2ª avaliación. De feito, a puntuación do apartado de comprensión escrita (*reading*) da 2ª

avaliación estará integramente destinada á proba escrita de comprensión lectora do libro de lectura obrigatoria.

- f) No caso de ausentarse a algunha proba ou parte do exame, o/a alumno/a ten dereito a que se lle examine noutro día unha vez que xustifique debidamente a súa falta mediante documentación oficial.
- g) Durante a realización dos exames, o/a alumno/a deberá ter o teléfono móbil, reloxo intelixente ou calquera outro dispositivo electrónico con memoria no que se poida introducir texto apagado e debidamente gardado na súa mochila. Ter acendido e ao seu alcance o móbil, reloxo ou outro dispositivo electrónico non permitido pode ocasionar a anulación de dito exame.
- h) O/A alumno/a que cometa un acto ilícito durante a realización dun exame quedaralle dito exame anulado, cunha nota de 0 e, por conseguinte, a avaliación suspensa. A modificación dun exame durante a súa revisión, en calquera circunstancia, será considerado acto ilícito.

Lecturas obrigatorias e voluntarias

O alumnado da ESO terá que ler un libro de lectura obrigatoria adaptado ao seu nivel durante a 2ª avaliación:

1º ESO	<i>The Legend of Sleepy Hollow</i> , by Washington Irving (Burlington Activity Reader)
2º ESO	<i>The Canterville Ghost</i> , by Oscar Wilde (Burlington Activity Reader)
3º ESO	<i>A Sherlock Holmes Collection</i> , by Sir Arthur Conan Doyle (Burlington Activity Reader)
4º ESO	<i>Great Expectations</i> , by Charles Dickens (Burlington Activity Reader)

Con respecto ás lecturas voluntarias, aqueles/as alumnos/as da ESO que así o decidan poderán subir a nota obtida na 3ª avaliación mediante a lectura de un ou dous libros, a maiores da lectura obrigatoria. A lectura e comprensión destes libros de lectura voluntaria terá que ser acreditada mediante a entrega de actividades escritas, un traballo ou, se é o caso, a realización dunha proba escrita. En canto á puntuación outorgada, esta actividade de lectura extra será bonificada cunha subida na nota da 3ª avaliación de ata 0,5 puntos se len un libro ou ata 1 punto se len dous libros, sempre e cando a cualificación base acadada na 3ª avaliación sexa igual ou superior a 4 puntos.

Avaliación final

O alumnado superará a materia do curso cando supere a avaliación final cunha nota mínima de 5 puntos sobre 10. A nota final obterase como resultado da avaliación continua do proceso de aprendizaxe do/a alumno/a, no que se valorará o seu grao de consecución dos obxectivos e a conseguinte adquisición de competencias clave.

Para calcular a cualificación final na ESO, realizarase a seguinte ponderación entre as notas obtidas en cada avaliación:

- 1ª avaliación → 20%
- 2ª avaliación → 30%
- 3ª avaliación → 50%

Debido ao carácter sumativo e acumulativo que presenta a aprendizaxe dunha lingua, a última avaliación será a de máis valor xa que inclúe todos os contidos traballados ao longo do curso.

En caso de non superar a materia, o alumnado da ESO poderá ter a opción, se o profesorado así o considera, de recuperar a materia realizando un exame de recuperación en xuño. Dito exame será unha proba escrita na que se recollerá todos os contidos do curso.